

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-11-05 14:26:34.00) , ***243*** - ANA MARIA RIVAS GARCIA (FECHA: 2024-11-05 12:49:38.00)
CVD: Y86IXy8Cf06SOLjCjKh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5/172 **SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2024.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 21 de outubro de 2024, do teor literal seguinte:

“Importe: 1.354.434,43 euros

Destino:

- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Cultura (parcial): 120.000,00 €
- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Deportes (parcial): 130.000,00 €
- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Benestar Social (parcial): 277.500,00 €
- Canon de control de vertidos remitido pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., correspondente ao exercicio 2021: 375.253,33 €
- Factura de URBASER, correspondente aos servizos prestados no mes de xullo de 2022 (último mes de prestación), no contrato de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento (parcial): 321.681,10 €

Financiamento:

Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento procedentes da Participación das Entidades Locais en tributos do Estado do exercicio 2022 (Resolución da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do 22.07.2024, importe parcial): 1.354.434,43 €

En consecuencia, logo de ver:

- O informe de Intervención Ref.: 2024/1480 do 21.10.2024, de carácter favorable, con observacións

Tendo en conta que a modificación se propón coa finalidade por unha banda de facer fronte a gastos que xa se atopan devengados, polo que con independencia desta modificación nun momento ou outro habería que facer fronte, e por outra este goberno considera fundamental levar a efecto as subvencións nominativas que figuran na base 24 das de execución do Orzamento Xeral de 2024, ao considerarse indispensables para que o tecido asociacional lucense poda desenvolver a súa laboura esencial.

Considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria-

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac6222295201675147173.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

providencia que acompaña á presente proposta, proponse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (1/2024) por importe de 1.354.434,43 € co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Actuación	Aplicación Orzamentaria	Importe
	- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Cultura (parcial)	33000.48900	120.000,00 €
	- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Deportes (parcial)	34100.48900	260.000,00 €
	- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Benestar Social (parcial)	23179.48900	277.500,00 €
	- Canon de control de vertidos remitido pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. correspondente ao exercicio 2021	16100.20900	375.253,33 €
	- Factura URBASER, correspondente aos servizos prestados no mes de xullo de 2022 (último mes de prestación) no contrato de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento (parcial)	16210.22799	321.681,10 €
	TOTAL		1.354.434,43 €

ESTADO DE INGRESOS.

Financiamento: Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento procedentes Participación das Entidades Locais en tributos do Estado do exercicio 2022 (Resolución da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do 22.07.2024, importe parcial): 1.354.434,43 euros

Concepto	Denominación	Importe
100.00	Cesión IRPF	254.434,43
420.10	Fondo Complementario de Financiamento	1.100.000,00 €

TOTAL ESTADO DE INGRESOS: 1.354.434,43 €

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non

se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (1/2024) por importe de 1.354.434,43 € co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Actuación	Aplicación Orzamentaria	Importe
	- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Cultura (parcial)	33000.48900	120.000,00 €
	- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Deportes (parcial)	34100.48900	260.000,00 €
	- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Benestar Social (parcial)	23179.48900	277.500,00 €
	- Canon de control de vertidos remitido pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. correspondente ao exercicio 2021	16100.20900	375.253,33 €
	- Factura URBASER, correspondente aos servizos prestados no mes de xullo de 2022 (último mes de prestación) no contrato de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento (parcial)	16210.22799	321.681,10 €
	TOTAL		1.354.434,43 €

ESTADO DE INGRESOS.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac6222295201675147173.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

Financiamento: Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento procedentes Participación das Entidades Locais en tributos do Estado do exercizo 2022 (Resolución da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do 22.07.2024, importe parcial): 1.354.434,43 euros

Concepto	Denominación	Importe
100.00	Cesión IRPF	254.434,43
420.10	Fondo Complementario de Financiamento	1.100.000,00 €

TOTAL ESTADO DE INGRESOS: 1.354.434,43 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.